

CUADRANTE



*UN RETRATO DE VALLE-INCLÁN A TRAVÉS DE DOS
ENTREVISTAS OLVIDADAS (1921-1925)*

VALLE-INCLÁN E O DISCURSO HISTÓRICO MURGUIANO

DOS MIRADAS RECIENTES SOBRE VALLE-INCLÁN DESDE EE.UU.

SOBRE O VIÑO E OUTROS EXCITANTES EN VALLE

TEXTOS RECUPERADOS

HISPANIDAD DE VALLE-INCLÁN

Nº 13


Amigos
Valle Inclán

Vilanova de Arousa



CUADRANTE



Revista cultural da
«Asociación Amigos de Valle-Inclán»

Medalla de honra de ADE 2006
(Asociación de Directores de Escena de España)

*UN RETRATO DE VALLE-INCLÁN A TRAVÉS DE DOS
ENTREVISTAS OLVIDADAS (1921-1925)*

VALLE-INCLÁN E O DISCURSO HISTÓRICO MURGUIANO

DOS MIRADAS RECIENTES SOBRE VALLE-INCLÁN DESDE EE.UU.

SOBRE O VIÑO E OUTROS EXCITANTES EN VALLE

TEXTOS RECUPERADOS

HISPANIDAD DE VALLE-INCLÁN

Amigos
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9
VILANOVA DE AROUSA.
APARTADO DE CORREOS Nº 66
www.amigosdevalle.com
Agosto 2006

Director:

Gonzalo Allegue

Subdirector:

Francisco X. Charlín Pérez

Secretario de redacción:

Víctor Viana

Consello de Redacción:

Xosé Luis Axeitos
Ramón Martínez Paz
Xaquín Núñez Sabarís
Xosé Lois Vila Fariña
Ramón Torrado

Xestión e administración:

Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:

Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

Deseño e maquetación:

Nieves Loperena

Imprime:

Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.S.N.: 1698-3971

SUMARIO:

Javier Serrano Alonso

Un retrato de Valle-Inclán a través de dos entrevistas olvidadas (1921-1925)..... páx. 5

Francisco X. Charlín

Valle-Inclán e o discurso histórico Murguiano (I) páx. 27

Jesús Blanco García

Dos miradas recientes sobre Valle-Inclán desde EE. UU. páx. 51

Xavier Castro

Sobre o viño e outros excitantes en Valle páx. 65

TEXTOS RECUPERADOS

Rafael Dieste

Hispanidad de Valle-Inclán páx. 81

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións vertidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.



VALLE-INCLÁN E O DISCURSO HISTÓRICO MURGUIANO (I)

Francisco X. Charlín Pérez

I. CONSIDERACIONES PRELIMINARES

O 31 de xullo de 1916 o diario «La Acción» de Madrid publica unha entrevista¹ que o periodista Domingo Tejera² realizara días antes a Valle-Inclán con motivo do seu nomeamento como profesor especial de Estética das Belas Artes na Escola Especial de Pintura, Escultura e Grabado de Madrid. Tejera pretende que o escritor formule «un programa o cuestionario de las lecciones que durante el próximo curso va a explicar», algo ao que Valle se nega, pois necesita «saber antes el nivel cultural medio de sus alumnos para medir el grado de la ciencia que ha de enseñarles», en vista do cal o entrevistador deriva a conversa cara a outras cuestións: primeiro, ao gran tema de actualidade, a Guerra europea³, no que demoran dúas horas, e deste «basta dar con nuestros cuerpos y con nuestras almas sobre las realidades de España».

Sobre este último, o reporteiro reproduce de forma indirecta as opinións do escritor: «Don Ramón es partidario de la federación ibérica, y cree que más temprano que tarde esa unión se hará. Don Ramón, como se sabe, es un tradicionalista sui generis, que conserva en sitio preferente un retrato de Don Jaime; que es enemigo acérrimo del sistema parlamentario, pero detesta a los Reyes Católicos.» E a continuación, Tejera sinala unha diferenza de criterio entre ambos:

«Le expongo —di— mi creencia de que la historia de España se rompió en Villalar, y él dice que fue antes, en las querellas a la pro y en contra de la «Beltraneja», de cuya infelicidad se duele, y no perdona a doña Isabel la usurpación que hizo del trono a su legítima heredera, por quien defendiéndola, se encendieron los primeros y muy hondos desafectos de los portugueses contra la unidad ibérica...».

¹Reproducida en: (Dougherty, D, 1982: 87-92) e (Valle-Inclán, J e J, 1994: 171-174).

² Domingo Tejera y Quesada (1881-1944), foi o fundador do *Heraldo de Gran Canaria*, director de *Nuevo Mundo* (1911) e redactor e colaborador de varias publicacións. Tamén foi deputado, entre 1933 e 1936, pola provincia de Sevilla, circunscrición pola que se presentou como tradicionalista independente.

³ Valle, ven de regresar de Francia, a onde viaxara en maio comisionado por «Prensa Latina de América» e polo diario madrileño *El Imparcial* para escribir unhas crónicas sobre a guerra. Alí visita os frentes de Flandes, Picardía e Champagne e redacta a impresión que lle produce a contenda nunha serie de artigos que aparecen en «Los lunes de *El Imparcial*» e posteriormente no libro titulado: *La media noche. Visión estelar de un momento de guerra*. (Hormigón, 1987: 52).

VALLE-INCLÁN E OS REIS CATÓLICOS: «LA BELTRANEJA» E PORTUGAL

Non será esta a única ocasión na que Valle-Inclán, ao abordar «las realidades de España», expresa unha opinión negativa a respecto dos Reis Católicos, criticando as circunstancias do seu acceso á coroa e cuestionando o mapa peninsular

resultante do seu reinado, no que lamenta de forma singular, a separación de Portugal.⁴

Por iso aparecen, ben incluídas nalgún texto literario ou repartidas por conferencias e entrevistas, frases como as que se reproducen a continuación.

En 1916, nunha obra capital para entender a súa estética, *La Lámpara Maravillosa*⁵ enfrenta o «romance castellano, aún finalizando el siglo XV, claro y breve, familiar y muy señor» ao que o sucede tralo reinado dos Reis Católicos, cando esta lingua «quiso ser el nuevo latín, y hubo cuatro siglos hasta hoy de literatura jactanciosa y vana». E atribúe esta desnaturalización lingüística a que «quebrantó esta tradición campesina, jurídica y antrueja un infante aragonés robando a una infanta castellana, para casar con ella y con ella reinar por la calumnia y la astucia».⁶

Pero esta desfiguración que sucede a unha idealizada Idade Media coa subida ao trono destes reis, non é privativa do mundo das letras. Tamén atinxe ás esencias nacionais, como pon de manifesto nunha conferencia pronunciada en 1935 en San Sebastián, onde afirma que «A partir de los Reyes Católicos se falsea la historia nacional»⁷, aserto que explica así: «Las calidades nacionales se advierten, quizá mejor, en momentos de decadencia. Así sucedió durante el reina-

do de Enrique IV (...) En aquellos años, el Poder estaba por los suelos. Si entonces se hubiera seguido la voluntad de España, ésta habríase unido a Portugal, realizándose la fusión de los pueblos españoles y peninsulares. Pero con los Reyes Católicos se torcieron nuestros destinos...»⁸.

En 1926, nunhas declaracións que realiza ao periodista vigués Estévez Ortega para a revista *Vida Gallega*, tamén incide en que a decadencia de España «es una decadencia de origen; no está adquirida por vicisitudes de los tiempos. Después de creada la unidad, a base de picardías y chismes de alcoba, reñimos la gran batalla de Europa y la perdimos». Na mesma entrevista «uno de los contertulios inquires por la época en la que arranca esa decadencia de que habla el autor de las *Sonatas*», e Valle-Inclán responde que esa etapa comeza: «Desde la Beltraneja...»⁹.

Noutra ocasión mesmo chega a incomodar a un periodista burgalés que, ao igual que Domingo Tejera, non xulgaba de xeito negativo o reinado de Isabel I de Castela: «No estamos conformes con varias de las manifestaciones que hizo. No nos es posible creer que la unidad de España tenga como base un secreto de alcoba, sorprendido tras una puerta por una reina curiosa. Aún en el caso de que tuviéramos la convicción de su certeza, nos complacería creer todo lo contrario, porque la grandeza del efecto producido

⁴ (Dougherty, D, 1986: 32-34).

⁵ (Valle-Inclán, R, 2002: 1928).

⁶ Ver (Dougherty, D, 1986: 29-34).

⁷ (*El Pueblo Vasco*, 20-II-1935).

⁸ (*La Voz de Guipúzcoa*, San Sebastián, 20-II-1935).

⁹ (Valle-Inclán, J e.J., 1994:328 e 629-632)



Enrique IV



La Beltraneja

borraría la insignificancia de la causa productora. A pesar de haberlo dicho Valle-Inclán no nos ha sido posible darlo como cierto»¹⁰.

Como se comproba, Valle-Inclán valora moi negativamente a estratexia seguida pola futura raíña Isabel e os seus partidarios para ocupar o trono, consistente en cuestionar a lexitimidade da herdeira Xoana; tamén estima perxudicial a separación de Portugal do resto dos reinos peninsulares, causa última e orixinaria —para el— do «problema de España.

Como se sabe, Enrique IV (1454-1474) —último rei medieval castelán-leonés, de quen os cronistas dos Reis Católicos transmitiron unha imaxe moi negativa— era un home enfermo e feble —«displásico eunucoide», segundo o

doutor Marañón—. O seu primeiro matrimonio con Blanca de Navarra foi declarado nulo polo bispo de Segovia que certificou que a raíña «estaba virgen incorrupta como avía nacido». Logo casou coa princesa Xoana, irmán do rei de Portugal.

Á morte deste monarca, a maior parte da nobreza castelá, favoreceu o bando da súa irmá Isabel fronte ao da súa filla Juana, (coñecida como «la Beltraneja», por supor os seus inimigos que, en realidade, era filla biolóxica do favorito real, Beltrán de la Cueva) que estaba prometida ao rei de Portugal, Afonso V.

No exterior, Aragón favorecía a causa de Isabel, casada co príncipe herdeiro aragonés Fernando, ambos da casa de Trastámara, mentres que Portugal apoiaba a de Juana.

O conflito armado (1474-1476) que provocou esta cuestión dinástica,

¹⁰ Eduardo M. Montes. *El Castellano*, Burgos, 23 de octubre de 1925. En (Valle-Inclán, J. e J, 1994:283).

resolveuse finalmente a favor das tropas castelás partidarias de Isabel. Tal desenlace favoreceu a unión da Coroa de Castela (integrada nese momento polo Señorío de Biscaia e os reinos de Galicia, León, Toledo, Andalucía occidental e a propia Castela) coa de Aragón (da que formaban parte o Principado de Cataluña e reinos de Mallorca, Valencia e Aragón) que respectivamente representan Isabel e Fernando e descartou a unión co reino de Portugal que había de producirse en caso de ter triunfado a opción Juana-Afonso V de Portugal.

Frente a tese defendida por Valle-Inclán, o seu entrevistador Domingo Tejera, considera que o feito histórico determinante dos problemas españois contemporáneos foi a derrota dos «Comuneros de Castilla»: trala morte en 1516 do rei Fernando o Católico, as coroas de Castela e Aragón se unen na persoa de Carlos I (Gante, 1500), herdeiro ademais dos señoríos de Flandes, dos dereitos ao ducado de Borgoña e, a partir de 1519, do Sacro Imperio Romano Xermánico. A subordinación dos intereses das prósperas cidades castelás aos das súas posesións centroeuropeas —saída de moeda cara Flandes, mercedes dadas a extranxeiros para oficios e dignidades—, provoca que este novo monarca, primeiro dunha nova dinastía, xenere un estado de descontento que desemboca na crise das Comunidades. Alzados en armas, os «comuneros» —que representan as aspiracións das clases medias e urbanas— son derrotados en abril de

1521, en Villalar, polas tropas do rei, capitaneadas por membros da alta aristocracia castelá.¹¹

OS ESCRITORES E INTELLECTUAIS DA «EDAD DE PLATA» ANTE O «PROBLEMA DE ESPAÑA»

Cando por estes anos se abordaba nunha conversa ou entrevista o denominado «problema de España», era frecuente que se suscitasen controversias e deliberacións nas que se contrastaban episodios históricos como os aludidos. Como se sabe, este tema ocupou un lugar preferente nos foros e tertulias frecuentadas por políticos, intelectuais e escritores da chamada «Edad de Plata», e mesmo terminou convertido en tema recorrente das súas producións ensaísticas e literarias.

Esta brillante época tivo como protagonistas a un elenco de grupos e individualidades como «los del 98, los del Centro de Estudios Históricos, Ortega y Gasset, poetas como Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado y Pedro Salinas y pintores como Regoyos y Zuloaga, entre otros» que «junto con los regeneracionistas y otros institucionistas —y frente al fracaso de la Restauración— llegaron a formar parte de una cultura que no ha tenido igual en España desde la Edad Media y el Siglo de Oro.»

Son, segundo Inman Fox, «escritores, críticos y artistas cuya obra ha tenido un

¹¹ (Pérez, J, 1984 :137-188).

papel decisivo, a partir de principios del siglo XX, en la construcción y perpetuación de una identidad nacional, a la vez de alcanzar cierto renombre fuera de España».

Por iso, ademais dos habitualmente recoñecidos valores estéticos e formais, hai que ter en conta que «una de las dimensiones fundamentales de su obra, es la que contribuyó a la definición de una comunidad española asociada con una ideología política» (...) «una literatura y una pintura que están al servicio del nacionalismo político y cuya característica es haber creado un canon literario y artístico».¹²

O denominado «problema de España», comeza a ser prantexado a partir de finais do século XIX, despois da aguda crise política sufrida nesa centuria polo Estado español¹³, pero sobre todo,

como consecuencia do fracaso do modelo político da Restauración¹⁴ (que xenerou un estado de opinión favorable á rexeneración política, económica e social) e do impulso que nese momento experimentaron os rexionalismos e nacionalismos periféricos.

Así, comézase a abordar este problema mediante indagacións sobre a relación entre o pasado, a identidade do pobo e a política, das que xorden unha serie de ideas coas que se chega a «inventar una identidad nacional», identificando determinadas características que conformarían a cultura española e convertíndo a estas nunha especie de ideoloxía nacional¹⁵.

Isto explica que tamén Domingo Tejera e Valle-Inclán rematen por «dar con nuestros cuerpos y con nuestras

¹² (Fox, I, 1998: 111-175).

¹³ Para Álvarez Junco, a lexitimidade política do Estado «foi continuamente cuestionada alomenos entre 1808 e 1875, con alternancias entre revolución liberal e autocracia, entre unha dinastía e outra, entre monarquía e república. No plano internacional, España pasou a ser unha potencia de terceira fila logo da destrucción da súa armada en Trafalgar e a perda ulterior de case todo o imperio americano.»

Por outra parte, considera este historiador, «o Estado español padecía unha débeda crónica, que empezara a acumularse no século XVIII por mor das onerosas guerras de Carlos III e Carlos IV contra Gran Bretaña», polos «devastadores efectos da guerra napoleónica, a destrucción da armada en Trafalgar e a perda ulterior do imperio americano» e finalmente, nos anos 1830, pola «Primeira Guerra Carlista, parcialmente financiada co recurso, un tanto á desesperada, da desamortización eclesiástica.» Así, «contra 1840, un tercio do presuposto destinábase a pagar os intereses da débeda pública e o Estado foi incapaz de liberarse desta carga durante o resto do século. Como consecuencia disto os gobernos víronse impotentes para influír na economía ou levar a cabo verdadeiras políticas económicas.»

Todo isto, unido á apatía dos gobernantes —«que representaban a coalición oligárquica da nobreza terratenente

cunha burguesía recién enriquecida»— por levar a cabo este labor, deu como resultado «a pouquedade dos esforzos por penetrar na sociedade e no territorio mediante as institucións do Estado, por construír unha identidade nacional e actualizar a monarquía preexistente para facela representativa desa entidade». (Álvarez Junco, J, 1998: 270-272).

¹⁴ Tras da revolución de 1868, que liquida o réxime conservador da monarquía de Isabel II, e abre un período no que se intenta democratizar o Estado (Constitución de 1869), a Restauración monárquica remata por consolidar un modelo de Estado de corte liberal e centralista (Constitución de 1876). (Beramendi, X. G, 1998: 239-260).

Para Inman Fox, a estrutura política do período da Restauración caracterizouse «por una administración ineficaz y un sistema electoral corrompidos —el caciquismo y la oligarquía tan comentados—», que «no permitía que se desarrollase en España una democracia capitalista de nivel europeo». No plano económico «hacia finales del siglo XIX, el país se encontraba en plena transición entre una estructura económica de índole pre-industrial y la industrialización, transición que traía consigo una cambiante estructura social definida por la consolidación de una burguesía adinerada, una emergente clase obrera organizada y la inestabilidad de la pequeña burguesía tradicional.» (Fox, I, 1998: 55).

¹⁵ (Fox, I, 1998: 11-14).

almas sobre las realidades de España» e que ambos, manteñan posturas dialecticamente enfrentadas á hora de formular unha hipótese que procure a orixe do problema político español contemporáneo nun feito histórico.

O PERIODISTA DOMINGO TEJERA E A HISTORIOGRAFÍA ESPAÑOLA

Parece bastante improbable que tanto Valle-Inclán como Domingo Tejera, oficiando de historiadores, escrutasen directamente as fontes histórico-documentais relativas ao tempo dos Reis Católicos ou á dos Comuneros antes de facer as valoracións que coñecemos. En consecuencia, debemos convir que estas proceden necesariamente de lecturas realizadas en manuais ou en ensaios producidos pola historiografía do seu tempo, polo que se fai preciso averiguar qué textos e qué autores puideron determinar este diverso enxuízamento da historia.

A aparición na Europa do século XIX dos estados nacionais impulsados polo liberalismo, foi acompañada da redacción de obras que tiñan por obxecto a construción dunha historia nacional en cada estado respectivo¹⁶. En con-

¹⁶ «El concepto de «historia general» (...) también se establece en casi todos los países europeos con el Estado liberal moderno. Esta nueva historia nacional, que obedece al traspaso de la soberanía del monarca al pueblo, a la sustitución de la legitimidad dinástica y divina por la legitimidad popular, es uno de los cambios políticos de la era moderna.» (...) «el nacionalismo impone por voluntad al pueblo o «nación», la identificación con una cultura común o compartida» (...) «que se construye sobre un armazón de artefactos

sonancia con isto, «a cultura liberal (e romántica) da España de mediados do século XIX», aínda que con certo retraso con respecto a Francia, Alemania ou Inglaterra, tamén «promoveu, no campo da historia, a nacionalización do pasado, isto é, a elaboración dun discurso histórico que lexitimase a construción do estado liberal»¹⁷.

Este impulso á construción dun discurso histórico español veu de institucións nadas nesta época como o Ateneo de Madrid, a cátedra de Historia da Filosofía da Universidade Central ou tamén, da máis serodia Institución Libre de Enseñanza.

Destes organismos, o primeiro en aparecer foi o Ateneo, fundado en 1835, e dominado ata 1868 polos moderados isabelinos «quienes configuran originalmente un Estado burgués y centralizado». A este centro seguiu a progresista cátedra de Historia da Filosofía, creada en 1843, e ocupada por Sanz del Río, introductor da filosofía krausista en España, cuxas doutrinas acabarían triunfando na propia institución ateneísta a partir de 1860. Así, «hacia 1895, parece ser que la Sección de Ciencias Históricas del Ateneo fue dominada por los krausistas y krauso-positivistas, preocupados más que nada por la regeneración de España en un contexto histórico y nacionalista.»¹⁸. Por fin, hai que destacar a aparición en 1876,

culturales o productos culturales como la historia, la literatura o el arte.»(Fox, I, 1998:23-24).

¹⁷(Villares, R, 2000:390). Ver tamén: (Fox, I, 1998:27-34)

¹⁸ (Fox, I,1998:27-34).

baixo a influencia de Giner de los Ríos e Gumersindo de Azcárate, da Institución Libre de Enseñanza, na que se fomentou o estudo da historia, dos costumes e da arte, pero que ademais «iba a tener un papel destacado en la invención de la cultura castellano-céntrica». Exemplo disto último foi a conversión de Toledo en «escenario clave para la interpretación de la cultura nacional»¹⁹.

Froito de todo isto, comezan a aparecer, a partir de 1850, ano en que se inicia a publicación dos trinta volumes (1850-66) da obra de Modesto Lafuente, unha ducia de historias xerais de España, que variaban parcialmente o seu enfoque en función de que a adscripción ideolóxica do autor fose moderada-conservadora ou progresista.

Este distinto enfoque —segundo Inman Fox— non era obstáculo para que «estas dos corrientes políticas nacionales» compartisen «los ideales básicos del liberalismo decimonónico», é dicir: «afiliación a la revolución liberal de 1834» e «afinidad con la España castellana del siglo XVIII y sus orígenes en la España de los Reyes Católicos»²⁰. Tamén era común a ambas, a preocupación polo proceso de unificación do Estado-nación, o lamento pola decadencia dos séculos XVI e XVII e a idea do dominio de Castela na formación da nación española.

¹⁹ En «Valle-Inclán e o discurso histórico murguiano II», segunda parte deste traballo, contrastaremos o Toledo mitificado pola ILE coas valoracións que desta cidade fai Valle-Inclán e analizaremos a comparación que dela fai con Santiago de Compostela.

²⁰ (Fox, I, 1998:38-54).

Canto ás diferenzas, os moderados, «creyendo en una España uniforme y rigurosamente centralizada, tenían una actitud más tolerante hacia el papel histórico de la monarquía de los Habsburgo». En cambio, «los progresistas, sin aceptar el concepto de la «pluralidad» nacional, tendían a prestar una importancia histórica a las municipalidades españolas de la Edad Media, hasta llegar a convertir en mito las «Comunidades castellanas», que se habían levantado contra la política imperialista de Carlos V y su abuso de las leyes castellanas». Polo tanto —continúa Fox—, «Ni los Habsburgo, ni los Borbones eran figuras nacionales; eran familias dinásticas nominadas por Dios y la historia para reinar sobre territorios indefinidos.»

Consecuentemente, «en adelante vamos a encontrar en las historias de España un énfasis en la reconquista, las germanías y las comunidades de la Edad Media y el siglo XVI, y en otros alborotos populares frente a la autoridad reinante.»²¹.

Volvendo á historiografía liberal moderada, é representativa nesta corrente a antedita *Historia de España* de Modesto Lafuente²², obra importante por «la imagen que crea de los orígenes de la nación española», de onde procede a mitificación de fitos históricos como

²¹ Ver «La historiografía liberal en España. (1854-1902)» en: (Fox, I, 1998:35-39).

²² «La historia general más difundida y valorada en España durante la segunda mitad del siglo XIX fue la *Historia general de España desde los tiempos primitivos hasta nuestros días*, de Modesto Lafuente...». (Fox, I, 1998:39-40).



Proclamación de Isabel la Católica

Sagunto, Numancia, o reino visigodo ou a Reconquista, mais na que cómpre destacar tamén «la exaltación de los Reyes Católicos, sobre todo de Isabel de Castilla, por estimarlos artífices de la unidad nacional» e «la guerra de los comuneros castellanos como representativa de la tradición castellana de libertades públicas frente a la autocracia de Carlos V y, en general, la idea de castellanismo como vértebra de la nación española.».

Estes últimos datos aproxímanos ao esquema histórico que manexa o periodista de *La Acción*. Pero é, sen embargo, nas avaliacións dun historiador da ten-

dencia liberal progresista onde mellor encaixa a súa opinión, a pesar da aparente contradición co seu ideario tradicionalista. Así o podemos comprobar ao contrastar o argumento que defende ante Valle-Inclán na referida entrevista, coas ideas presentes na *Historia de España* de Rafael Altamira²³, discípulo predilecto de Giner de los Ríos e «figura clave en la historiografía krausista y sin duda alguna el historiador español de más importancia alrededor del cambio de siglo».

²³ *Historia de España y de la civilización española* (4 tomos, Madrid, I-III, 1899-1906; IV, 1911).



Antonio Gisbert: *Los Comuneros de Castilla* (1860)

Nesta obra, «compendio de la historiografía krausista y castellanófila que nos ayuda a ubicar y circunscribir las ideas fundamentales en la creación de una cultura nacional castellanófila», Altamira considera transcendental no devir histórico de España, «la sublevación de las Comunidades de Castilla». Por iso, «estudia en detalle y con amplia documentación el descontento de los comuneros con el Rey, la formación de la Junta, su programa político con la referencia al poder de las Comunidades y a su constitución con cierta autonomía», e a continuación «analiza los actos políticos de la Junta, las vicisitudes del movimiento municipal, la con-

frontación entre el Consejo Real y la Junta, el rompimiento de las hostilidades, y la derrota de Villalar y sus consecuencias, incluyendo la dura represión».²⁴

Pola contra, non aparecen por ningunha parte, en ningunha das dúas tendencias da historiografía liberal, nin na moderada nin na progresista, a anatemización que Valle-Inclán fai da época dos Reis Católicos.

É preciso aclarar, sen embargo, que as críticas que algúns sectores desta tendencia historiográfica liberal dirixen á política dos Reis Católicos, non apuntan na

²⁴ (Fox, I, 1998:49-54).

mesma dirección que as do escritor galego. Por exemplo, o conservador Cánovas del Castillo, que considera un mito a unificación de España neste reinado, laméntase xustamente de todo o contrario, é dicir, de que non logran «la unificación y centralización de España con un derecho común y unas Cortes nacionales», e mesmo consideraba que concederan excesiva autonomía a Aragón e Cataluña; por outra parte, outros historiadores alineados no sector máis progresista desta tendencia censuraban unicamente a instauración da Inquisición nesta etapa.²⁵

Tampouco aparecen as valoracións de Valle no canon histórico que insta a historiografía tradicionalista, nin no que elabora a nacional-católica²⁶, nos que se exalta aos Reis Católicos e no que, a diferencia do liberal, se valoran moi positivamente aos reis da casa de Austria.²⁷

²⁵ (Fox, I, 1998:42).

²⁶ Ver (Fox, I, 1998:175-201).

²⁷ «O denominador común destas historias era o catolicismo —ou, para sermos máis exactos, a «unidade católica»— entendidos como «fundamento» da nacionalidade española e da lexitimación da institución política nacional por excelencia: a monarquía.» Por iso —para a historiografía nacional-católica— no tempo dos Habsburgo, «reis nos que cada acto estaba subordinado á relixión, á que sometían a vida social e á que defendían perante o mundo como xenuinos portestandartes do Catolicismo», «España acadou o seu apoxeo político, «favorecida por invisibles gardiáns». (Álvarez Junco, J, 1998:272-274).

En relación con isto apunta Dougherty, que Valle-Inclán «se mostrou agresivo con las derechas, burlándose de sus temas sacrosantos: los Reyes Católicos, el «destino imperial» de España, la «esencia católica» del pueblo, el honor de los militares.» (Dougherty, D, 1986:58).

VALLE-INCLÁN, MURGUÍA E OS REIS CATÓLICOS.

En cambio, as declaracións de Valle-Inclán si coinciden co xuízo que Manuel Murguía, emite sobre este momento histórico no discurso pronunciado en 1890 ante a Lliga de Catalunya, titulado «*Orígenes y desarrollo del Regionalismo en Galicia*»²⁸.

Neste discurso, publicado, un ano despois, no órgano rexionalista coruñés *La Patria Gallega*, Murguía, historiador que definiu coa súa obra o canon histórico e cultural de Galicia e principal teórico do rexionalismo liberal galego, tamén outorga ao conflito dinástico que se plantexa trala morte de Enrique IV e ás consecuencias territoriais del derivadas —orixe da separación portuguesa e principio da centralidade de Castela—, un papel relevante na historia galega e peninsular.

«Lo único que sabemos —di— es, que al advenimiento de aquellos monarcas al trono de Castilla, parte de Galicia se declaró por la Beltraneja, y por lo tanto por Portugal, con cuyo reino nos unían hartos lazos de sangre y de simpatía, que desde entonces empezaron a aflojarse y como para siempre», e continúa a súa alocución considerando que «...el régimen centralista que inauguraron los Reyes Católicos tendía a acabar en España con toda vida provincial».

Chegado este punto, cómpre aclarar —como fai Ramón Máiz²⁹— que entre o

²⁸ (Murguía, M, 1891:2)

²⁹ (Maiz, R, 1984:108-110 e 263).

Murguía que en 1890 pronuncia este alegato rexionalista e aquel que escribe o «Discurso Preliminar» que precede á *Historia de Galicia* (1865), obra capital para entender o discurso histórico do autor, se produce unha certa variación de criterio que «pode facilmente afectar ao posicionamento político do noso autor».

Así, sen que abandonase xamais «unha óptica liberaldemocrática», hai que distinguir entre o primeiro Murguía, progresista radical e moi crítico cos desmáns da nobreza galega baixomedieval, que valora positivamente a pacificación conseguida cos Reis Católicos³⁰ e o Murguía rexionalista de 1891 que, aínda que recoñece o valor que tivo para Galicia a instauración por estes reis da «Junta del Reino» e da «Audiencia», «critica abertamente aos Reis Católicos como inauguradores do Réxime centralista en España» e considera que Isabel chega ao trono porque «tuvo la habilidad de apoyarse alternativamente, ya en los nobles, ya en los comunes, á los cuales se halaga con todo género de franquicias de que después se les fue despojando poco a poco».

Para Ramón Máiz, «quizais sexa esta valoración negativa sen reparos dos RR.CC. o elemento máis diferenciado verbo do discurso preliminar do ano 1865, onde semellaba silenciado o proceder centralista dos mesmos, acochado

tras do sometimento, xulgado positivamente dos nobres...»³¹. Pola súa parte, Beramendi, que vai máis alá ao analizar esta mutación de criterio, fala dunha viraxe radical entre o Murguía provincialista-progresista de 1865 e o rexionalista de 1890 «que no seu afán de presentar a nación galega como un organismo unido», «agora amortece a importancia da conflictividade interior galega como causa motriz, e carga case tódalas responsabilidades na acción antigalega do Outro nacional»³².

É dicir, o último Murguía pronúnciase negativamente sobre os mesmos elementos deste reinado que máis tarde criticará Valle-Inclán: acceso ao trono mediante estratexias pouco ortodoxas, afastamento de Portugal da unidade penínsular e inicio da centralización política. Sobre esta última, é significativa a resposta dada por Valle-Inclán nunha entrevista publicada no xornal *El Mundo* en 1909: «lo que tiene por contrario a la unidad de España es el centralismo actual, al que hay necesidad de matar. Hay que dar independencia y capacidad a las regiones para que puedan desenvolver sus energías».³³ E é sintomático, ademais, que este intre histórico no que Valle sitúa a orixe do «problema» sexa precisamente o que sofre un cambio de valoración máis acusado entre o discurso histórico do Murguía provincialista (1865) e o do rexionalista (1885 en adiante).

³⁰ «Los reyes católicos, a quienes cabe la gloria de haber abatido el poder de la nobleza española, no podían ver sin tristeza las escenas de desolación y pillage que tenían lugar en Galicia» (sic) («De las guerras de Galicia en el siglo XV y de su verdadero carácter» en *Galicia. Revista Universal de este Reino*, nº 9. Coruña. 1º de febrero de 1861, px 131).

³¹ (Maiz, R, 1984: 108-110).

³² (Beramendi, X.G, 2000:98-115).

³³ (Valle-Inclán, J e J, 1994:24)

Pois ben, será a caracterización negativa dos Reis Católicos a que acabe trunfando no discurso histórico do galeguismo rexionalista e posteriormente no nacionalista, correntes políticas que considerarán este episodio histórico como cesura traumática entre unha Galicia medieval idealizada e a resultante do reinado de Isabel a Católica, separada definitivamente de Portugal e subordinada ao centralismo castelán.

Polo tanto, a diferenza de criterio entre Valle-Inclán e o seu entrevistador non se debe a impresións de carácter subxectivo, nin a que transiten por distintas correntes ideolóxicas dun mesmo discurso histórico. Radica en que as súas fontes historiográficas están en lugar diferente: a do periodista Domingo Tejera, na comentada historiografía española e a de Valle, no discurso histórico alternativo de carácter rexionalista que, dialécticamente enfrenteado á anterior³⁴, Manuel Murguía elabora ao longo da segunda metade do século XIX³⁵.

³⁴ «A orientación predominante das «historias xerais» españolas desta época era a «idea do dominio de Castela na formación da nación española» (Fox, I, 1998:45). (...) Por esta razón, de forma paralela a esta aparición de historias nacionais vencelladas á construción do estado-nación español, comezan a xurdir interpretacións diferentes, desde unha perspectiva nominalmente definida como rexional, pero que no fondo supoñen unha sorte de historias nacionais alternativas, asentadas sobre culturas diferentes e, sobre todo, en pasados catalogados como diferenciáis.» (Villares, R, 2000:391).

³⁵ Esta sintonía de Valle-Inclán cos postulados da historiografía «rexionalista» explica, ademais, as reiteradas manifestacións do escritor galego a favor do federalismo, que se concretaban na identificación cun ideal que «consistía en una federación de regiones autónomas unidas por una lengua común y por valores éticos arraigados en la tradición medieval». Ver (Dougherty, D,1986:44).

II. MANUEL MURGUIA E O «REXIONALISTA» VALLE-INCLÁN


Manuel Murguía ocupa un lugar de privilexio na biografía de Valle-Inclán. Xa en 1863, tres anos antes de que nacera o escritor, seu pai, Ramón del Valle Bermúdez, á sazón redactor do xornal *La Opinión Pública* e secretario e accionista da «Sociedade do Ferrocarril Compostelano», coñeceu en Santiago de Compostela ao autor da *Historia de Galicia* no seo das actividades e tertulias que organizaba a «Sociedad Económica de Amigos del País».

Tamén nesta cidade asisten ambos, en xullo de 1864, ao Congreso Agrícola Gallego, no que se lle encarga a Murguía a redacción dunha historia de Galicia. Na concepción desta, Murguía vai seguir o modelo positivista que trunfa neste século, para o que precisa, ademais do documento de arquivo, do innovador manexo de información provinte da exploración arqueolóxica. E para realizar este traballo de campo vai establecer ao longo de Galicia unha rede de correspondentes que lle suministren unha serie de datos arqueolóxicos referentes á época medieval e, sobre todo, á prehistoria, da que lle interesaban os «monumentos célticos». Un destes corresponsais vai ser precisamente Ramón del Valle Bermúdez, quen, entre 1866 e 1868, explorará a tal fin as dúas beiras da ría de Arousa e informará puntualmente dos achádegos realizados, mediante relación epistolar,

ao seu amigo Murguía³⁶, quen utilizará esta información, convenientemente citada, na *Historia de Galicia* (catro tomos: 1865, 1866, 1888, 1891) e posteriormente en *Galicia* (1885).³⁷

Esta relación de colaboración e amizade, nunca interrompida³⁸, será continuada polo seu fillo cando, entre os anos 1885 e 1890, se desprace a Santiago para estudar Dereito. Valle-Inclán lembrará estes anos cando, en 1922, xa como escritor consagrado, decida reproducir en *Corte de Amor* o prólogo escrito en 1894 para *Femeninas* e se refira a Murguía como «El viejo maestro con quien solía pasear en las tardes del invierno compostelano».

Tamén proseguirá a relación epistolar iniciada por seu pai³⁹, para solicitar en 1893 un prólogo ao seu primeiro libro, *Femeninas*, para interesarse —en 1895— por varios libros e artigos «pues deseaba coleccionar algunos artículos que tengo



Manuel Murguía

sobre cosas y hombres de Galicia»⁴⁰, para envíar, en 1913, a través de *La Voz de Galicia*, con motivo do 80 cumpreanos de Murguía «mi saludo de admiración, de afecto y de respecto al patriarca de las letras castellanas, al que siempre tuve por maestro» ou para pedirlle, en 1916 desde

Cambados, información sobre os documentos do Colexio de San Clemente da Universidade compostelá, coa intención de investigar a figura do seu devanceiro Francisco del Valle-Inclán, de quen Murguía era bo coñecedor⁴¹.

Todavía en agosto de 1921, cando Valle-Inclán permanece dous días na Coruña, antes de embarcar no trasatlántico «Oriana» para realizar a súa segunda viaxe a México, fai un

³⁶ (Axeitos, X.L., 2001: 3-22).

³⁷ En «Valle-Inclán e o discurso histórico murguiano II» analizaremos de forma pormenorizada a influencia destas dúas obras na construción literaria da Galicia valeincliniana.

³⁸ «Mas ¿cómo callar en líneas escritas al frente del libro del hijo, la grande, la estrecha amistad que nos unió a su padre?», escribe Murguía en 1894, catro anos despois da morte de Ramón del Valle Bermúdez, no prólogo que vai á fronte de *Femeninas*.

³⁹ Ver: (Hormigón, J, A, 2006:28-33).

⁴⁰ É probable que Valle-Inclán tivera xa en mente a proxectada e nunca realizada *Historia de Galicia*, centrada en figuras relevantes da súa historia como Prisciliano, Xelmírez ou o Padre Feijoo.

⁴¹ O 15 de xullo de 1907, Murguía publica no número 7 de *La Temporada* do Balneario de Mondariz un artigo titulado «Un desconocido», adicado a lembrar a figura de Francisco del Valle-Inclán. Pero antes de ocuparse deste, refire cómo coñeceu a casa de Sobrán-Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa) na que naceu: «Gracias pues a mi buen amigo Ramón Valle Inclán, padre del escritor del mismo nombre y apellido, que fue un notable fabulista y cuyos trabajos debieran recoger y publicar sus hijos como santa ofrenda a la memoria del que les dio el ser, supe que aquella casa pertenecía a su familia...». *La Temporada* reproducirá este artigo no número 15 do 29 de setembro de 1912. É posible que esta publicación chegase a Valle-Inclán e motivase esta carta. Tamén é probable que Murguía atendese esta petición pois, en marzo de 1924, Valle contesta así á pregunta que Artemio lle fai sobre o seu de

alto entre as homenaxes que lle dispensan as institucións e a cidadanía da cidade herculina e visita, no seu domicilio da Rúa de San Agustín nº 16, ao seu amigo Murguía, de 88 anos. Así o recolle un xornalista de *La Voz de Galicia* no número do 30 de agosto: «Otra de las contadas visitas que hizo fue al patriarca de nuestras letras y presidente de la Academia Gallega D. Manuel Murguía, amigos ambos desde la juventud en Compostela. Como se recordará Murguía prologó *Femeninas* uno de los primeros libros del famoso autor de las *Sonatas*.⁴²

A SEGUNDA XERACIÓN DE PROVINCIALISTAS, OS MÁRTIRES DE CARRAL (1846) E O BANQUETE DE CONXO (1855)

Manuel M. Murguía (1833-1923), comezou a súa actividade política e intelectual dentro da chamada «segunda xeración do Provincialismo», grupo de intelectuais no que tamén destacaron a

vanceiro, para o xornal *El Pueblo Gallego* de Vigo: «Fue alumno del colegio de San Clemente de esta ciudad, colegio que ejercía gran influencia en los destinos de Galicia, como que interviene en la elección de cardenales. Yo tengo en casa la información que es muy curiosa de su ingreso en aquel lugar, sólo que faltan las siete preguntas secretas. En este colegio se limitaban las plazas, sólo lo ocupaban siete alumnos...». (Valle-Inclán, J e J, 1996:265). Recentemente (xullo de 2003) o artigo de *La Temporada* foi reeditado no número 7 da revista *Cuadrante*.

⁴² Gómez Abalo e Romero Crego, que recopilaron a repercusión que tivo esta viaxe na prensa galega, consideran que esta visita a Murguía «confirma la pervivencia de su estrecha amistad y posiblemente explique la reaparición en *Corte de Amor* (1922) del prólogo que Murguía realizó en su día para la primera obra de Valle-Inclán, *Femeninas*. (Gómez Abalo, A. e Romero Crego, R. 2002: 221/865-247/891).

súa muller Rosalía de Castro, Aurelio Aguirre, os irmáns De la Iglesia e Eduardo Pondal, todos nados entre 1830 e 1840 e caracterizados pola súa común ideoloxía democrata e progresista.

Este colectivo adquiriu entidade polas que foron as súas tres grandes contribucións á cultura galega: o Rexurdimento literario, o desenvolvemento teórico-ideolóxico do galeguismo e o máis importante para o que nos ocupa, a consolidación dunha historiografía galeguista.⁴³

Aínda que os integrantes deste novo grupo eran conscientes da renovación que estaban imprimindo á creación cultural en Galicia, non por iso deixaron de sentirse herdeiros da anterior xeración, romántica, pero como eles liberal-progresista, na que sobresaíran Antolín Faraldo, Benito Vicetto, Francisco Añón e Neira de Mosquera. De aí que convertisen un episodio protagonizado por esta —a derrota do Pronunciamento liberal-democrático de 1846 (os mártires de Carral)—, en mito fundacional do galeguismo, ao lado doutro acontecemento protagonizado por algúns deles como foi o Banquete de Conxo (1856). O propio pai de Valle-Inclán, Ramón del Valle Bermúdez, afin ideolóxicamente e de similares inclinacións culturais que as desta xeración, «sabemos indirectamente, participaba na vida cultural compostelá a través da progresista Sociedade Económica de Amigos del País» que facía «homenaxes aos Mártires de Carral...».⁴⁴

⁴³ (Beramendi, X.G e Núñez Seixas X.M, 1995:18-43).

⁴⁴ (Axeitos, X. L, 2001: 6).



Antonio Solís

Pero será Manuel Murguía, no seu libro de semblanzas *Los Precursores* (1886), quen canonicase de forma definitiva —epígrafe do libro incluído— e sitúe na mítica do galeguismo o acontecido en 1846 en San Estevo de Paleo e o celebrado en 1855 na carballeira de Conxo.

Neste volume, publicado cando ecllosiona o movemento rexionalista⁴⁵, o autor, «máximo herdeiro do provincialismo, demostra que o galeguismo non só ten adquirido consciencia de que conta cunha historia propia que é merecente de ser escrita, senón que dentro dela se pechou un capítulo e compre abrir outro»⁴⁶. Por iso, desde esta nova óptica, xa «rexionalista», consagra este libro a recordar nove figuras representativas de ambas xeracións

⁴⁵ (Maiz, R, 1986:43-75).

⁴⁶ (Beramendi, X G e Núñez Seixas, X. M, 1995:42-43).

do provincialismo e a un neno, Ignotus, anónimo representante do pobo, que vagaba por Santiago no ano da fame de 1853.

Estas nove personalidades son, por orde de aparición: Antolín Faraldo, líder político provincialista, en cuxa semblanza inclúe os acontecementos acaecidos en Galicia no levantamento liberal do coronel Miguel Solís, que remata co fusilamento de parte dos seus protagonistas en Carral o 26 de abril de 1846; Aurelio Aguirre, poeta romántico que protagoniza ao lado do futuro vate Eduardo Pondal, o banquete celebrado na carballeira de Conxo o 2 de marzo de 1856, no que ambos expresan aos estudantes e artesáns presentes no ágape, os ideais democráticos e progresistas do momento. Seguen a estes, os apartados adicados a Sanchez Deus, Moreno Astray, Pondal, Cendón, Rosalía de Castro, Serafín Avendaño, Vicetto e Ignotus, capítulos que como ten demostrado Rubia Barcia contribuíron de maneira importante á construción da Galicia literaria de Valle-Inclán.⁴⁷

⁴⁷ Esta obra exerceu unha influencia determinante no xoven estudante Valle-Inclán. Así, o crítico valleinclanista Rubia Barcia, para quen «Es más que probable que Valle-Inclán leyera todo lo que Manuel Murguía, el viejo amigo de su padre, había escrito» (...) «con gusto no exento de admiración» ocupou cáseque integramente o seu estudo titulado «Valle-Inclán y la Literatura Gallega», en analizar a influencia de *Los Precursores* en Valle-Inclán. Este traballo, no que atopa numerosos casos de intertextualidade entre o antedito volume e a obra literaria de Valle pasará con leves modificacións a integrar en 1983 o segundo capítulo do seu libro *Mascarón de proa*. (Rubia Barcia, 1955:10). Cando sae do prelo este último libro de Rubia Barcia non se coñecían os dous artigos titulados «Relembrazas Literarias. 1846-1855», descuberto en 1995 e «Remembranzas Literarias-El Banquete de Conjo. 1855», descuberto en 1984, ambos por Alonso Montero.

1888: «RELEMBRANZAS LITERARIAS (1846-1855)»

Apenas tres anos máis tarde, en decembro de 1888, Valle-Inclán publica en *El Eco de Galicia* de La Habana, «Revista Semanal de Ciencias Arte y Literatura» que dirixe Waldo Álvarez Ínsua, un artigo titulado «Relembanzas Literarias (1846-1855)»⁴⁸. Álvarez Ínsua visitara Galicia entre maio e novembro de 1888. Despois de desembarcar o 2 de maio no porto da Coruña, asiste, entre outros actos, a un banquete celebrado o 24 de xullo en Santiago en honor do deputado a Cortes por Pontevedra, Eduardo Vincenti. Neste acto, ao que acoden as figuras máis relevantes do movemento rexionalista, como D. Manuel Murguía e «29 personas del grupo de periodistas de Santiago», entre as que se menciona aos irmáns Carlos e Ramón del Valle, o editor galego-cubano pronuncia un «brindis» no que se felicita da aparición do movemento rexionalista e no que desexa ao Sr Vincenti «que en

⁴⁸ Este artigo político-literario, un dos primeiros textos que publica, apareceu no nº 336, o 1-XII-1888, só un mes despois de que saíran das imprentas compostelás, o seu primeiro poema (4-11-88) e o seu primeiro conto (11-11-88), polo que Alonso Montero sospeita que se trate do seu primeiro texto escrito conservado. En 1893, Valle-Inclán publica no xornal *La Unión Republicana* de Pontevedra unha versión amputada deste artigo titulada «Remembranzas-Literarias. El Banquete de Conjo» (1855). En ambos traballos dise que se trata dun fragmento dun «libro en preparación», polo que Alonso Montero —que dá á luz ambos textos— supón que «non é alleo ós artigos que enviará, desde 1890, a Andrés Martínez Salazar para un volume da súa Biblioteca Gallega, nunca publicado». O mesmo crítico anota as diferencias entrambos textos: na segunda versión elimínanse as referencias ao Levantamento do 46, e céntrase no Banquete de Conxo. (Alonso Montero, 1997:487-505).



Waldo Álvarez Ínsua

el parlamento, en donde tanto se habla y jura en vano, sea el intérprete de los dolores reales de Galicia».

En opinión de J. A. Hormigón, o editor e director de *El Eco de Galicia*, sae desta celebración co texto de *Relembanzas Literarias* baixo o brazo, pois de volta en La Habana inclúe esta colaboración no primeiro número que se publica despois do seu regreso.⁴⁹

Pois ben, Valle-Inclán adica este artigo a lembrar os episodios mitificados por Murguía en *Los Precursores*⁵⁰, e aos

⁴⁹ Debo a información sobre a estancia de Álvarez Ínsua en Galicia, incluída en *Biografía cronológica y epistolaria*. Volumen I (*Introducción General. Biografía cronológica (1866-1921)*) (px 95-97) —actualmente en prensa— á amabilidade de Juan Antonio Hormigón

⁵⁰ «Láíase Valle de que aquel tempo e aquel espírito rexenador de Galicia estivese morto ou moi esmorecido. quen parece identificarse con aquel galeguismo, deplora o pasamento das súas mellores voces: Rosalía de Castro (1837-1885), o «patriarca» Francisco Añón (1812-1878), o «quijotesco» Aurelio Aguirre (1833-1858), o «regionalista»

seus protagonistas e faino proxectando sobre ambos acontecementos, igual tono mítico que o seu modelo:

«Lejano está ya el recuerdo de aquellos hermosos días de gloria, que tal vez no volverán a amanecer iguales para Galicia, en que al calor del santo objeto de las cosas de la tierra nació nuestra literatura regional...»

Así, en total sintonía co ideario rexionalista⁵¹, incorpora a mesma terminoloxía e valoracións históricas, (incluída a nova etiqueta que se propón para este periodo: «los precursores en fin como les ha llamado (só dous anos antes) aquel que entre todos ha sentido mejor la idea regeneradora»).

Por outra parte, a lectura do artigo de Valle-Inclán denuncia varios trasvases textuais que acaban por convertilo nunha especie de paráfrase abreviada do volume murguiano, como se verá a continuación.

No prólogo de *Los Precursores* lembra desta forma Murguía os primeiros anos, vividos por el, da «segunda xeración de provincialistas»: «Fueron aquellos unos hermosos días, que tal vez no amanecerán de nuevo para ninguna de las almas enamoradas de Galicia: tantas eran las esperanzas concebidas, tanta la

seguridad de que habían de realizarse. No era yo sólo, eran otros también los que alimentaban los mismos sueños. (...) Así como el bretón espera todavía la vuelta del Rey Arthur, esperábamos nosotros lo que ya no se sabe si será posible jamás» (11).

Nostálgica avaliación dunha época que Valle-Inclán traslada así a *Relebranzas Literarias*: «Lejano está ya el recuerdo de aquellos hermosos días de gloria, que tal vez no volverán a amanecer iguales para Galicia...» (...) «pero no como Faraldo la había soñado para restaurar la independencia pasada. Ya no se perseguían fantasmas, ni era la vuelta de otro Rey Arthur como el de la tradición bretona lo que esperaban todos.» (1320-21).

No capítulo adicado a Faraldo, onde Murguía rememora o episodio dos Mártires de Carral, lese: «Todo se había perdido en la funesta tarde del 23 de Abril de 1846» (...) «Un solo combate fue suficiente para poner entre los sueños de la víspera y la realidad del siguiente día, todo un mundo de dificultades y de olvidos. La *grande obra* (cursiva de Murguía), como llamó siempre Faraldo a sus tentativas de reconstrucción de la patria gallega, se había sumergido en las aguas de lo imposible».

Valle-Inclán reproduce este suceso con similares palabras: «¡Ay!, nosotros como ellos hemos sentido también en el alma la inmensa pesadumbre que trae consigo la derrota, y de ello es un ejemplo la sangrienta hecatombe de san Esteban de Paleo, que selló de modo tan doloroso aquella desgraciada cuanto glo-

Antolín Faraldo (1823-1853), o «soñador» Benito Vicetto (1824-1878) e o «romántico» Alberto Camino (1820-1871). Son os precursores do libro homónimo de Manuel Murguía ...» (Alonso Montero, 1997:489).

⁵¹ Mesmo pon á fronte do artigo dous versos do poeta catalán Verdager, quen participou como mantenedor nos Xogos Florais de Pontevedra de 1884, onde vinculou estes certames á recuperación e desenvolvemento das «patrias « catalá e galega. En (Maiz,R,1986:45).

riosa tentativa que Faraldo llamó *la gran obra* (cursiva de Valle) y que un solo combate bastó para lanzar en el mundo de los sueños que no se realizarán jamás» (1321).

Na semblanza de Pondal, evoca Murguía a camaradería dos tempos pasados e lamenta a frialdade do presente: «Eran otros tiempos, otras gentes bien ajenas (sic) por cierto a los fríos egoísmos de hoy, y a la estéril osadía que entorpece el actual movimiento literario de Galicia, llevando a él sus pretensiones y su impotencia.» (133).

Desigual valoración que Valle-Inclán, sen ter vivido ese pasado, asume con estas palabras: «Pero los vientos de los fríos egoísmos se desataron furiosos, y hubo gentes que no sólo despreciaron y escarnecieron la obra de los poetas, sino que renegaran de ella» (1322).

No apartado adicado a Rosalía de Castro, destaca a transcendencia da publicación de *Cantares Gallegos* en 1863, data que marca para Murguía, o inicio do Rexurdimento literario de Galicia, canonicación histórico-literaria que chega ata hoxe. Describe así a situación anterior á escritora: «Una verdadera noche reinaba en el cielo literario de Galicia. Los soldados andaban dispersos, los combates eran imposibles.» (182)

E Valle-Inclán, no parágrafo adicado á mesma autora, tamén ve con negras tintas este tempo prerrosaliano: «Negras sombras oscurecieran el cielo literario de Galicia (...) y los soldados que andaban dispersos...» (1321).

Incluso están neste libro os argumentos con que Murguía xustifica o uso alterno das

dúas linguas presentes en Galicia, con razóns e exemplos que Valle traslada ao seu artigo. Así Murguía, que redactou case toda a súa obra en castelán, comprende «que la mayor parte de los escritores provinciales, ateniéndose para la realización de una obra a los elementos peculiares al país para el cual escriben, entendiesen que debían hablar a los suyos en la lengua que estos hablan: que los unos redujeron sus esfuerzos al estudio y conocimiento de cuanto tiene de vivaz y original la raza a que pertenecen, empleando en sus trabajos la lengua nacional, y que los demás, semejantes a las piedras limitáneas que miran a las dos tierras que separan, usasen a su vez ambas lenguas, la de la nación y la de la provincia.» e prosegue dicindo «Hay veces que conviene que nos oigan y entiendan fuera del país. *Les Bretons* son un poema tan provincial, a pesar de estar escrito en francés, como *Mireya*, que lo está en lengua de oc.» (142-143).

E como se dun eco se tratase, Valle-Inclán remata o seu artigo cun eloxio de Murguía no que xustifica a práctica lingüística do seu mestre utilizando os seus propios argumentos: «los precursores en fin como les ha llamado aquel que entre todos ha sentido mejor la idea regeneradora, aquel que sin escribir en gallego hizo por él más que todos juntos. También Cambolliu, uno de los que más trabajaron en la lengua d'Oc escribió en la d'Oil. Las voces de los primeros apóstoles han de poder ser oídas en todos los ámbitos del mundo» (1324).⁵²

⁵² Son tamén murguianas frases como «rehabilitación de la patria» ou «volvería a vivir el espíritu de raza que para ser otra

Todo o anterior nos presenta, pois, á altura de 1888, a un xoven Valle-Inclán que admira o estilo en prosa de Murguía pero que tamén se manifesta afín ao discurso que este está desenvolvendo sobre as orixes do movemento precursor do rexionalismo galego, o que certifica a súa inclusión, un ano máis tarde, na nómina dos rexionalistas presentes no libro *El Regionalismo* (1889) de Alfredo Brañas⁵³.

Valle-Inclán ingresara catro anos antes, o curso 1884-1885, na Universidade de Santiago, onde cursaba a carreira de Dereito. Os seus anos universitarios coinciden, por tanto, coa xestación e desenvolvemento do rexionalismo, movemento liderado polo amigo de seu pai, Manuel Murguía e polo seu profesor Alfredo Brañas⁵⁴. Non é extraño, pois, que en sintonía co tempo e ambiente que o rodea, se mova e participe, ao igual que seu irmán maior Carlos, en círculos literarios e xornalísti-



Valle-Inclán
en 1892

cos afíns a este movemento, como son o Círculo da Xuventude Católica ou o xornal *El País Gallego*⁵⁵ pertencentes á rama tradicionalista ou que entregue unha colaboración ao editor da revista rexionalista liberal *El Eco de Galicia*.

1891 E 1893:

«CARTAS GALICIANAS I. DE MADRID A MONFORTE. EL ÚLTIMO HIDALGO DE TOR» E «REMENBRANZAS LITERARIAS. EL BANQUETE DE CONJO (1855)»

Sen embargo, non todo semellan coincidencias cos postulados ideolóxicos que Murguía desenvolve nesta etapa. Un exame minucioso dos artigos destes primeiros anos (1888-1893) nos que alude en maior ou menor medida a este movemento, descubre puntos de disensión e cambios de perspectiva que cómpre valorar se se quere aquilatar o seu grado de aproximación a esta corrente.

Alonso Montero, ao comparar o artigo «Remembranzas Literarias. El banquete de Conjo (1855)»⁵⁶, versión reducida do texto de 1888, co seu precedente, califica de autocensura, tanto á supresión das liñas «referidas ó Pronunciamento e

vez como la tradición céltica». Esta última analizarémola dentro dun marco máis amplo na segunda parte deste traballo.

⁵³ «Nuevos soldados, todavía bisoños, se revelan hoy en día como defensores de este movimiento: conocidos son ya los nombres de Lisardo Barreiro, Amor Meilán, Barreiro Costoya, Valcarce Ocampo, García Acuña, Amador Montenegro, Ramón y Carlos del Valle, Miguel de la Riva, Pesqueira Crespo y otros que siguen con entusiasmo las huellas de sus maestros» (Brañas, A, 1889:352).

⁵⁴ De Dereito Natural en 1886-7 e de Economía Política e Facenda Pública e Dereito Romano en 1888-1889. (Santos Zas, M, 1993:64-65).

⁵⁵ Ver a este respecto (Santos Zas, M, 1993: 58-67) e «Os anos mozos (1885-1892)» en (Valle-Inclán, X e X, 1998).

⁵⁶ Publicado en 1893 en *La Unión Republicana* de Pontevedra.

martirio de 1846» como á desaparición dos «dous versos anticastelanistas de Victor Balaguer», en vista do cal o citado crítico conclúe que «Cinco anos despois a súa adhesión ó galeguismo era menor ou convíñalle manifestar que era menor».⁵⁷

Pola súa parte, Javier Serrano, cando valora a posición de Valle nestes artigos de 1891 e 1893⁵⁸ considera que «La visión del movimiento regionalista en ambos es negativa, o pesimista, pero no abomina, ni mucho menos, de él, y, lo que es más, respecta hondamente a sus figuras.» Pero engade: «Sin embargo, Valle, desde el principio, se desliga voluntariamente. En «Cartas Galicianas I. De Madrid a Monforte. El último hidalgo de Tor», aclara, sin mayores ambages, que «el regionalismo aquí no puede salirse de la esfera literaria, siendo todo lo más que se charlotea *imitaciones catalanas*, o sueños de poetas». Toma posición frente a un sentir político, situándose al margen y definiéndolo como «literario» o «sueño de poeta».⁵⁹

En efecto, se comparamos «Relembanzas literarias» (1888) con «De Madrid a Monforte...» (1891), percibimos un cambio importante: neste último artigo Valle-Inclán alude ao rexionalismo desde unha posición de observador, non de «soldado todavía bisoño» do

mesmo, como o calificara Brañas dous anos antes. Cambio de perspectiva que podemos atribuír a un efectivo distanciamento desta ideoloxía, pero tamén á intención, propia dun escritor novel, de enfocar idéntico asunto procurando en ambos artigos o beneplácito de editor e público receptor de cada publicación: o dunha publicación claramente rexionalista como a que dirixe Álvarez Ínsua en 1888 e, en 1891, o dun medio prevenido con este novo credo, algo do que el, á sazón residente en Madrid, debía ser consciente.

Con todo, ningunha destas explicacións contesta plena e satisfactoriamente á pregunta de por qué motivo Valle se distancia, se efectivamente o fai, do rexionalismo; por iso é pertinente valorar outras circunstancias.

A finais de 1890, Valle-Inclán abandona os seus estudos en Santiago de Compostela, e marcha por primeira vez a Madrid, onde permanecerá, con algunha interrupción, ata xaneiro de 1892, e isto sucede xusto cando o movemento rexionalista, do que el era considerado partícipe, entra nun proceso de cambio.

Xa en Madrid, comeza a colaborar no *Heraldo de Madrid* e en *El Globo*⁶⁰, no que publica entre outubro e novembro de 1891 tres artigos baixo o epígrafe común de «Cartas Galicianas», nos que relata unha viaxe realizada —probablemente nese verán— en tren a Galicia.

Na primeira entrega, «De Madrid a Monforte. El último hidalgo de Tor.» (2-

⁵⁷ (Alonso Montero, 1987: 493)

⁵⁸ (Serrano Alonso, J. 1986: 97-103). Cando se publica este artigo, 1986, todavía era descoñecido «Relembanzas Literarias. 1846-1855», descuberto, como xa se dixo, en 1995 por Alonso Montero.

⁵⁹ (Serrano Alonso, J. 1986:100).

⁶⁰ (Valle-Inclán, X e X,1998)

X-1891), a parada nesta cidade desencadea nel sucesivas evocacións históricas e literarias: atráelle dela o seu «romancesco aspecto», que «con su sombrío torreón» lle recorda «algunas novelas *scottianas* leídas en los años mozos» (1341); pero Monforte tamén desperta nel «el recuerdo de un pasado oscurecido, de luchas de hermandades, de incendios y ruínas de castillos, de contiendas feudales, de villas libres y villas realengas, de algo así como una melancólica *anyoransa* del siglo XV de las leyendas y del romance de la Frouseira, de aquel que ha poetizado el grito de «Galicia libre» (1342), sensacións estas que lle suxíren algunhas valoracións sobre o rexionalismo, asunto de plena actualidade na España dos anos noventa e tema —como se ve— recorrente nos seus primeiros traballos⁶¹.

Aínda que agora se sitúa como cronista que escribe á marxe, —«la libertad de la antigua Suevia —*como ellos dicen*—» di (curiosa nosa), mostra interés por presentar este movemento ante a opinión pública da capital española, como algo que debe ser comprendido á luz da historia: «En tales ciudades se comprende mejor el *regionalismo político* de algunos gallegos —como mi eminente amigo el Sr Murguía— que hablan con la mayor buena fe del mundo de la rehabilitación de la *pequeña patria*».

Pero ao mesmo tempo disuade de calquera temor que poida suscitar unha

⁶¹ Reaparecen neste traballo a mesma terminoloxía e fitos mitificados a que aludíamos no artigo anterior: Irmandiños («de luchas de hermandades, de incendios y ruinas de castillos», «Pocos son los que persiguen fantasmas, y menos aún los que esperan la vuelta de otro Rey Arthur, como el de la tradición bretona» etc

corrente que —segundo el— non trascende o puramente literario: «A bien que el regionalismo aquí no puede salirse de la esfera literaria, siendo todo lo demás que se charlotea *imitaciones catalanas*, o sueños de poetas»⁶² (1342).

Esta actitude ambigua con respecto ao rexionalismo —primeiro evoca en clave historico-literaria a cidade de Monforte, logo xustifica con isto a existencia do rexionalismo, pero finalmente cuestiona seriamente a súa viabilidade política—, pode ter explicación se se fan algunhas puntualizacións que contextualicen estas valoracións atendendo á evolución interna desta corrente político-cultural e ideolóxica.

REXIONALISMO CULTURALISTA E REXIONALISMO POLÍTICO

No ano 1886 prodúcese a aparición deste novo movemento centrado nun desenvolvemento ideolóxico-cultural que se materializa na celebración de certames literarios como os Xogos Florais

⁶² Valle-Inclán ten que coñecer tamén o ambiente hostil existente nos círculos políticos e intelectuais madrileños ante o auxe experimentado a partir de 1885 polos rexionalismos. Boa mostra deste clima, é o discurso de Antonio Sánchez Moguel na súa recepción como membro da Real Academia da Historia (8-XII-1888), adicado a cuestionar os fundamentos dos rexionalismos galego e catalán. E a consolidar a polémica ven, a réplica dada en 1889 por Murguía no seu opúsculo titulado *El Regionalismo Gallego. Ligeras observaciones al discurso leído por el Sr. D. Antonio Sánchez Moguel en su recepción en la Real Academia de la Historia, de Madrid, el 8 de diciembre de 1888*. Isto tamén explica a posición que adopta o escritor, xustificativa da existencia do movemento por motivos histórico-culturais pero contemporizadora sobre o perigo de politización do mesmo.

que se celebran en Pontevedra⁶³, pero sobre todo, no florecemento de prensa rexionalista⁶⁴ como *La Región Gallega*, dirixida en Santiago por Murguía, *El Regional* de Lugo, *El Libredón* que dirixe Alfredo Brañas, *El País Gallego* fundado por Labarta en Santiago, do que é redactor Carlos del Valle-Inclán e no que Ramón publica en 1888 o conto «Via Crucis», ou o mencionado *El Eco de Galicia* en La Habana, entre outros. Toda esta eclosión ten lugar «sen superar xamais o fronte cultural»⁶⁵.

A partir de 1890, «a maduración do movemento rexionalista xenerou a necesidade interna de contar cun soporte organizativo que dese continuidade, homoxeneidade e eficacia a *unba actividade que empezaba a desbordar o terreo cultural no que se mantivera ata entón*»⁶⁶ (cursiva nosa). O 9 de marzo de 1890, tralo éxito obtido polo libro *El Regionalismo (1889)* a prensa santiaguesa organiza un banquete de homenaxe a Brañas que se convirte en auténtico acto fundacional desta nova etapa política, no que se propoñen as primeiras formas organizativas do move-

mento. Neste sentido, o máis importante é a constitución da Asociación Rexionalista, baixo a dirección de Murguía e do propio Brañas, que ubica o seu *Comité Central* en Santiago de Compostela, ao que subordinan os comités provinciais. Esta nova formación xa considera na súa estratexia política a presentación de candidaturas electorais.

Canto á natureza de clase dos seus membros —sinala Máiz— «é patente que nos atopamos diante dun movemento xurdido na pequeno burguesía galega, máis en concreto, na *intelectualidade*», coa ausencia notoria «da fidalguía e burguesía». «En definitiva» co «protagonismo dos sectores máis sensibeis á interpelación galeguista pola posición ocupada nas relacións de produción, pola súa frustración profesional, e o seu nivel de *información do que acontece no alén das fronteiras: o avance do rexionalismo catalán actúa en todo momento como sinal de referencia para o movemento galego*»⁶⁷ (cursiva nosa).

Todo o anterior explica que Valle-Inclán fale agora de «el *regionalismo político* de algunos gallegos» ou de que «se charlotea, *imitaciones catalanas*» o sueños de poetas» e que poña en cursivas ambas frases. En realidade, o que está comentando neste artigo de 1891 é a deriva política que, a imitación do catalán, nese momento está tomando o rexionalismo galego, protagonizada por un grupo «*intelectuais*» que «charlotean», pero que apenas contan co apoio das principais forzas económicas e sociais.

⁶³ Foron presididos por Murguía, que pronunciou un discurso que causaría gran impacto na intelectualidade galega e que foi considerado como manifesto do movemento. Resultaron premiados o seu compañeiro e amigo Labarta Pose e Alfredo Brañas coa composición a «Víspera de San Xoán».

⁶⁴ «Neste ano a celebración dos Xogos Florais de Pontevedra e Betanzos, a multiplicación de prensa centrada na problemática de Galiza, e outras intervencións como libros, discursos e conferencias...asinalan os comezos dunha *movilización ideolóxica* que pasa crecentemente a se autodenominar rexionalista.»

⁶⁵ (Maiz, R, 1984:62)

⁶⁶ (Maiz, R, 1986:106)

⁶⁷ (Maiz, R, 1986:111-122).

Cando el abandona Santiago, epicentro destes cambios, para trasladarse primeiro a Madrid, e logo a México, o rexionalismo está abandonando a fase culturalista, na que el se formara e evoluíndo cara unha etapa política que o sorprende, pero á que lle ve pouco futuro. O seu distanciamento sería, polo tanto, do novidoso rexionalismo político pero non do cultural.

Isto é coherente con que, dous anos mais tarde (1893), cando nunha carta enviada desde Veracruz (México), solicite a Murguía, un prólogo para *Femeninas*, se dirixa a el utilizando —unha vez máis— a terminoloxía do discurso murguiano: «Mi siempre querido amigo y respetable maestro: al escribirle a Vd. páreceme que me dirijo a toda nuestra Galicia, pobre, pensativa y sola, que dijo el poeta, de tal modo encarna Vd. para mí el espíritu regional, y el amor a la tierra que, en forma de hondísima *saudade*, sentimos acá, en América, los que como una

herencia sagrada, conservamos, al través de los siglos, un dejo de *celtismo*, que nos hace amar los robles carcomidos y las rocas vetustas de nuestras *gándaras*. Sensaciones *meigas* que se aspiran en la *Historia* de Vd., y derraman una clara suavidad de *lunar*; sobre las viejas razas que encendieran el primer fuego en el gran lar gallego. Sí, mi querido amigo, Vd. es nuestro gran Vate, en el más arcaico y puro sentido de la palabra...»⁶⁸.

A presenza de ideas, canons e valoracións históricas procedentes da historiografía murguiana, non se agota na influencia que *Los Precursores* exerceu nestes primeiros artigos político-literarios do xoven escritor. Como se verá na segunda parte deste traballo, toda a obra histórica murguiana determinou, en gran medida, a forma en que Valle-Inclán construíu a súa Galicia literaria.

⁶⁸ (Hormigón, J. A, 2006:30).

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- ALONSO MONTERO, X. (1997): «Dúas presencias galegas no primeiro Valle-Inclán: O banquete de Conxo e Manuel Murguía», *Valle-Inclán y el fin de siglo*, Iglesias Feijoo, L, Santos Zas, M, Serrano Alonso, J, De Juan Bolufer, A, (ed), Universidade de Santiago de Compostela.
- ÁLVAREZ JUNCO, J. (1998): «O proceso de construción nacional na España do século XIX». (261-278), *Revista Grial* nº 138.Vigo.
- AXEITOS, X. L. (2001): «Don Ramón del Valle Bermúdez, home íntegro e liberal e pai dun xenial escritor», *Cuadrante 2*, Vilanova de Arousa.
- BERAMENDI, X. G e NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1995): *O nacionalismo galego*. Serie «Historia de Galicia», Edicións A Nosa Terra. Vigo.
- BERAMENDI, X. G. (1998): «Identidade, etnicidade e Estado na España contemporánea», (239-260), *Revista Grial* nº 138. Vigo.
- BERAMENDI, XUSTO. G. (2000): «Un ideólogo singular: Manuel Murguía e as bases da nacionalidade de Galicia». Boletín da Real Academia Galega. A Coruña.
- BRANÑAS, A. (1889) : *El Regionalismo*. Jaime Molinas Editor. Barcelona.

- DOUGHERTY, Dru (1986): *Valle-Inclán y la Segunda República*. Ed. Pre-textos. Valencia.
- FOX, INMAN. (1998): *La invención de España. Nacionalismo liberal e identidad nacional*. Ed. Cátedra. Madrid.
- GÓMEZ ABALO, A e ROMERO CREGO, R. (2002): «La prensa gallega y el segundo viaje de Valle-Inclán a México», *Anales de la Literatura Española Contemporánea, Anuario Valle-Inclán II*, Volume 27, Issue 3, Santiago de Compostela, Colorado at Boulder.
- HORMIGÓN, J A. (2006): *Valle-Inclán: Biografía cronológica y Epistolario*. Volumen III. *Epistolario*. Publicaciones de la ADE. Madrid.
- HORMIGÓN, J. A.(En prensa): *Valle Inclán: Biografía cronológica y epistolario*.Volumen I: *Introducción general. Biografía cronológica (1866-1921)*.
- MÁIZ, R. (1984): *O Rexionalismo galego: organización e ideoloxía.(1886-1907)*. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. Cuadernos da área de ciencias xurídicas. Ed. do Castro. Sada. A Coruña.
- MURGUÍA, M. (1886): *Los Precursores*. Imprenta de La Voz de Galicia. A Coruña.
- MURGUÍA, M. (1891): «Orígenes y desarrollo del Regionalismo en Galicia». Conferencia dada por don Manuel Murguía en la Lliga de Catalunya en Mayo de 1890. *Boletín Revista La Patria Gallega*. Órgano oficial de la Asociación Regionalista. n° 6. Santiago,15 de Junio de 1891. VALLE-INCLÁN, R. M. (2002): *Obra Completa*. Espasa Calpe. Madrid. (2 tomos).
- PÉREZ, J. (1984): *España moderna (1474-1700), Aspectos políticos y sociales. La frustración de un imperio (1476-1714)*. *Historia de España*. Tuñón de Lara, M (ed). Ed. Labor. Barcelona.
- RUBIA BARCIA, J. (1955): *Valle-Inclán y la Literatura Gallega*, Hispanic Institute in The United States, Columbia University.
- SANTOS ZAS, M. (1993): *Tradicionalismo y literatura en Valle-Inclán,(1889-1910)*. Society of Spanish and Spanish-American Studies.
- SERRANO ALONSO, J. (1986): «Dos artículos políticos olvidados de Valle Inclán». *Museo de Pontevedra*.T. 40. (97-108).
- VALLE-INCLÁN, R. M. (1994): *Entrevistas, conferencias y cartas*. (Valle-Inclán, J y J. Ed.). Pre-Textos. Valencia.
- VALLE-INCLÁN, X e X. (1998): «Os anos mozos, 1885-1892». Catálogo Exposición Don Ramón María del Valle-Inclán (1866-1898). Universidad de Santiago de Compostela.
- VALLE-INCLÁN BERMÚDEZ, R. e VALLE-INCLÁN Y PEÑA, R.(2000): *Cartas eruditas e literarias a Murguía*. Valle-Inclán Alsina, X e Mato, A.(ed.). Edición do Castro. Sada (A Coruña).
- VALLE-INCLÁN, R. M. (2002): *Obra Completa*. Espasa Calpe. Madrid. (2 tomos).
- VILLARES, R (2000).: «A formación de Murguía como historiador» . *Grial*. Tomo XXXVIII, n° 147, pp. 386-398.




Casa - Museo
Ramón del Valle-Inclán

Rúa Luces de Bohemia
Vilanova de Arousa



CONCELLO DE
VILANOVA DE AROUSA

REPSOL
YPF





**CAIXA
GALICIA**

Unha provincia que medra

Unha superficie de 7.876 quilómetros cadrados, case 700 quilómetros de litoral, máis de 1.100.000 habitantes, 94 concellos, configuran un espazo único. Desde a Deputación da Coruña compartimos contigo a *ilusión por seguir medrando.*



Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos

ISSN 1698-3971



9 771698 397000

P.V.P

5 €